

Problema0280: Calcula o volume de ácido clorhídrico concentrado do 36,5% e 1,19g/cm³ de densidade, necesario para preparar 100ml de disolución 1M.

Primeiro calculamos a masa de soluto puro que necesitamos a partir da fórmula da molaridade

$$M = \frac{n_s}{V_D} = \frac{m_s}{M_m \cdot V_D}$$

$$m_s = M \cdot M_m \cdot V_D = 1 \frac{\text{mol}}{\text{L}} \cdot 36,5 \frac{\text{g}}{\text{mol}} \cdot 0,100 \text{ L} = 3,65 \text{ g HCl}$$

$$M_m(\text{HCl}) = 1 \text{ g} + 35,5 \text{ g} = 36,5 \text{ g/mol}$$

A densidade pola concentración en porcentaxe é a concentración en masa entre volume

$$d \cdot C(\%) = C\left(\frac{m}{V}\right)$$

$$\frac{m_D}{V_D} \cdot \frac{m_s}{m_D} = \frac{m_s}{V_D}$$

$$\frac{1,190 \text{ g}_D}{1 \text{ mL}_D} \cdot \frac{36,5 \text{ g}_s}{100 \text{ g}_D} = 0,434 \frac{\text{g}_s}{\text{mL}_D} = C\left(\frac{m}{V}\right)$$

Coñecemos a concentración, coñecemos a masa de soluto só queda despexar o volume de disolución que necesitamos

$$C\left(\frac{m}{V}\right) = \frac{m_s}{V_D} \quad V_D = \frac{m_s}{C\left(\frac{m}{V}\right)} = \frac{3,65 \text{ g}}{0,434 \text{ g/L}} = \underline{8,41 \text{ mL}}$$